O Consello Regulador participou na feira cun stand de exposición de produto e material promocional.

SEMINARIO-CATA EN ESTOCOLMO
15 Setembro
Xornada de formación organizada en colaboración coa Ofcomes de Estocolmo. Estivo dirixida a persoal do sector HORECA e impartida por Susanne Berglund-Krant, sumiller, formadora e xornalista sueca especialista en viños españois.

CATA NA FEIRA DE ESPAÑA EN ALEMAÑA
16 -18 Setembro
No marco do Plan Promocional dos viños de Rías Baixas en Alemaña celebráronse dous seminarios-cata en Hamburgo e Colonia coincidindo coa Feira de Viños de España. Foron dirixidos por David Schwarzwälder.

PROGRAMA "LA VENTANA"
19 Setembro
O equipo de "La Ventana", da Cadena Ser,

con Carles Francino ao seu fronte, trasladouse ata as instalacións do Consello Regulador, dende onde fixeron o programa en directo.

VISITA PROFESIONAIS REINO UNIDO
24-27 Setembro
Na segunda viaxe con importadores, enmarcada no plan para Reino Unido 2014, realizouse unha cata no Consello Regulador con 10 marcas de 10 adegas que tiñan como característica común non contar con importador en Reino Unido. Os convidados tamén visitaron catro das subzonas da Denominación e cataron diferentes elaboracións.

PROGRAMA "NO ES UN DÍA CUALQUIERA"
27-28 Setembro
Drixido por Pepa Bueno en Radio Nacional, "No es un día cualquiera" emítese nas mañás das fin de semana. A D.O. tamén foi protagonista neste espazo.

CATA GAÑADORES CONCURSO SUECIA
29 Setembro
Como todos os anos, a Ofcomes de Suecia, organizou o concurso de coñecementos sobre viños españois que se celebra en Estocolmo. Na edición de 2013 participaron 4 equipos, que representaron a Systembolaget, xornalistas de viños, estudantes de sumillería da escola Grythyttan Restaurang- och hotellhögskolan e ao club de viños máis grande de Suecia, Munskänkarna.
O premio para o equipo gañador foi unha viaxe de estudos á zona vinícola española da súa elección. Os gañadores optaron por Galicia e, con motivo de súa visita, realizouse unha cata no Consello Regulador o 29 de setembro, na que participaron 25 marcas.

DÍA DA HISPANIDADE
12 Outubro
Co gallo do Día da Hispanidade, a D.O. colaborou coas oficiñas comerciais de Berlín, Dublín, San Paulo e México. En todas as celebracións estuveron presentes os viños de Rías Baixas.

MINIFEIRA EN OVIEDO
20 Outubro
Arredor de medio millar de representantes so sector profesional participaron na minifeira organizada pola Denominación de Orixe Rías Baixas en Oviedo. Tras unha xornada técnica dirixida a 25 sumilleres da cidade, celebrouse o acto central que incluíu a cata e degustación ofrecida polas adegas ao sector convocado ao efecto.
Entre os convidados ao acto figuraron tendas especializadas, vinotecas, restaurantes e hoteis; sumilleres; prensa especializada e xeneralista; distribuidores; escolas de hostalaría; clubs de viños; asociacións de profesionais vencellados co sector ou empresas de catering.

SEMINARIO UNIVERSIDADE GEISENHEIM
4 Novembro
A Universidade alemana de Geisenheim (Hochschule Geisenheim), a máis importante de formación vitivinícola e marketing do viño neste país, foi elegida para facer un seminario-cata. Dirixido a estudantes dos cursos de International Wine Business de Enología e Viticultura, foi impartido por David Schwarzwälder. Na cata participaron 10 marcas, todas con importador en Alemaña.

MASTERCLASS LONDRES
27 Outubro
Arredor dunha veintena de persoas acudiron á masterclass que a D O Rías Baixas celebrou en Londres, en colaboración coa Academy of Food and Wine Service. Peter McCombie foi o encargado de informar a los somellieres asistentes sobre as características e posible maridaxes dos viños de Rías Baixas.

MISIÓN CANADÁ
27-31 Outubro
Dentro do plan de actividades promocionais levouse cabo unha visita de prensa procedente de Canadá á Denominación de Orixe Rías Baixas. O grupo estaba formado por tres xornalistas , acompañados por Pilar Randolph, directora de "Wines From Spain " en Canadá. Os convidados participaron nunha cata e visitaron tres das subzonas, nas que cataron tamén diferentes viños.

TÚNEL DO VIÑO EN VITORIA
13 Novembro
Dirixido ao sector profesional, celebrouse en Vitoria un "túnel del vino". Entre os actos destacaron un xantar coa prensa, unha xornada formativa con 20 alumnos da Egibide-Mendizorrotza (Escola de Hostelería) e a cata de máis de 60 marcas. No acto central participaron sumilleres, prensa especializada, vinotecas, asociacións profesionais, restaurantes…

SEMINARIOS BÉLXICA E HOLANDA
19 Novembro-15 Xaneiro
Dentro das actividades de promoción en mercados internacionales, o Consello Regulador continuou a súa labor formativa, neste caso centrada nos mercados de Bélxica e Holanda. Celebraronse un total de 14 seminarios, dirixidos a profesionales do sector : sumilleres, compradores, xornalistas, importadores, alumnos de Escolas de Hostalaría ou directores de Hoteles.

CAMPAÑA DE NADAL
Novembro/Decembro
A campaña publicitaria levouse a cabo dende finais de novembro ata o 31 de outubro. O seu ámbeto foi nacional facendo fincapé en Madrid e Galicia. Ao igual que a campaña do verán, o seu obxectivo foi incrementar a notoriedade dos vinos da D.O. Rías Baixas.

CURSO INGLÉS
24-27 Novembro
En colaboración coa Ruta do viño Rías Baixas, organizouse un curso de inglés para o Enoturismo do 24 ao 27 de novembro. Por sétimo ano consectivo, celebrouse un curso específico do viño, que foi impartido polo profesor Andrew Black. En total, o curso constou de 20 horas lectivas.

V CATA DE COLLEITAS
27 Novembro
A quinta edición da Cata de Anadas desenvolveuse en Madrid. Contou coa colaborcaión da UEC e, como novidade, celebrouse un túnle do viño- exposición, no que poideron participar todas as aras de viño presentes na cata, Deste xeiro, aproveitando a estadía da D.O. en Madrid, convocouse a sumilleres, éologos, profesionais e alumnos das Escolas de formación para que poidesen valorar a incidencia que o paso do tempo ten sobre os viños amparados na Denominación de Oriixe Rías Baixas.

"O VIÑO DO MAR" EN VIGO
4 Decembro
Do 4 de decembro ao 31 de xaneiro de 2015 permaneceu a exposición "Rías Baixas, o viño do mar", no Centro Social de A Fundación en Vigo. Paralelamente a esta exposición impartironse uns talleres formativos para escolares.

DISTINCIÓNS GALLAECIA

27 Xaneiro

O Pazo de Mugartegui acolleu a entrega das Distincións Gallaecia 2013 ás adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas. Foron premiados 26 viños da denominación, cinco máis que na edición anterior. En gran medida corresponden á colleita de 2012, si ben tiveron un peso importante as colleitas 2010 y 2011, e en menor medida as de 2009 e 2006. Entre os galardoados atopábanse tamén seleccións de colleita e viños con barrica. O acto de entrega dos premios contou coa participación da presidenta da Asociación Galega de Sumilleres Gallaecia, Mercedes González; o seu homólogo do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, Juan Gil de Araujo; e o secretario de Gallaecia, Alberto R. García. Mercedes González destacou que a participación en 2013 "foi máis elevada que en edicions anteriores, de modo que a selección fíxose máis complicada porque houbo que subir o corte". Neste senso, destacou que "os premiados son viños con máis de 85 puntos". Pola súa parte, Juan Gil de Araujo felicitou ás adegas galardoadas polos bos resultados, que segundo afirmou "queren dicir que estamos facendo as cousas ben".

FORMACIÓN PARA ADEGUEIROS

30 Xaneiro

Nesta xornada celebrouse un curso sobre a modificación do artigo 50 do Regulamento dos Impostos Especiais sobre o Viño. Sesenta profesionais participaron nesta actividade na que os directivos, contables, responsables e profesionais das adegas puxeronse ao día de todas as modificacións deste artigo. Así, aprenderon a cumprimentar os libros de contabilidade informatizada e de rexistro de documentos a partir da modificación. Tamén lles amosaron modelos de libros acordes coa lei e lles aclararon conceptos. A interventora de II.EE na Delegación Especial de Galicia (sede de Pontevedra) da A.E.A.T., Isabel Figueiras, foi a encargada de impartir estas xornadas.

A entrada en vigor deste cambio na normativa obriga a todas as adegas cun volume superior a 100.000 litros a adaptar a súa contabilidade a unha informatizada, dacordo coa normativa de impostos especiais.

17 MEDALLAS BACCHUS

21 Marzo

Os viños de Rías Baixas estiveron presentes na XII edición dos premios Bacchus 2014. Vinteoito marcas desta denominación protagonizaron a cea de gala na que participaron uns 80 catadores nacionais e internacionas. Ademais, 53 viños de Rías Baixas competiron nesta edición dos premios e 17 deles recibiron medallas (3 de ouro e 14 de prata). O presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, felicitou durante a cea de gala á Unión Española de Catadores "polo gran nivel que alcanzou o Concurso Internacional de Viños Bacchus, que, sen dúbida, axudará aos viños españois a acadar unha maior notoriedade no mundo".

Promovido pola Unión Española de Catadores, este prestixioso concurso internacional está auspiciado pola Organización Internacional da Viña e o Viño (OIV), ademais de ter recibido o aval da Unión Internacional de Enólogos (UIOE), da Federación Mundial de Grandes Concursos de Viños e Espirituosos (VINOFED) e contar co recoñecemento oficial do Ministerio de Medio Ambiente.

INCREMENTO EXPORTACIÓNS 2013

27 Marzo

Froito da forte aposta realizada pola Denominación de Orixe Rías Baixas en pro da internacionalización dos seus viños, durante 2013 o volume das exportaciónns experimentou un aumento superior a un dez por cento, cunhas ventas totais de cinco millóns e medio de litros a casi 60 países. No que se refire ao valor, o negocio exterior creceu nun 6,69% con respecto ao ano 2012. As exportacións supuxeron de 5,4 millones de litros, o 32% da produción total desta Denominación. En palabras do

Curso para adegueiros sobre a modificación do Artigo 50 do Regulamento dos Impostos Especiais sobre o Viño.

Entrega das distincións Gallaecia 2013 ás adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas.

presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, foi un bo exercicio, "no que se acadou o récord de exportación tanto en volume como en valor. Gañar mercados no exterior foi unha das prioridades desde a creación da Denominación de Orixe e, ano tras ano, este esforzo ven acompañado por datos alentadores".

En total, as ventas ao exterior da Denominación de Orixe acadaron en 2013 un valor de máis de 28 millóns de euros, nun ano no que España convertíuse no primeiro produtor de viño do mundo, superando por primeira vez a Francia e Italia.

Cata da Guía Peñín en xullo de 2014.

PRESENTACIÓN PLAN DIRECTOR

23 Abril

O Plan Director da Denominación de Orixe Rías Baixas realizado pola Escola de Negocios da Fundación Novacaixagalicia conclúe que a aposta pola calidade e os procesos de internacionalización permitiron que as adegas e viticultores que a integran afrontaran a crise con menos dificultades que a media do sector, e se enfronten ao futuro con esperanza. No acto de presentación deste traballo de investigación destacouse a importancia do sector como xerador de emprego e potenciador da marca desta rexión vitivinícola para a promoción turística de toda a provincia de Pontevedra.

O Plan Director xurde co obxectivo de reflexionar sobre como avanzou a Denominación de Orixe dez anos despois do primeiro Plan Estratéxico que en 2002 elaborou tamén a Escola de Negocios para o Consello Regulador. O novo documento basease en 117 enquisas a adegas e 400 viticultores, ademais de entrevistas en profundidade con membros do sector e opinións de 486 restaurantes e vinotecas de toda España. O sector xenera na zona un total de 7.600 empregos directos estables e 5.200 de carácter eventual.

EXPOSICIÓN EN PEKÍN

19 Maio

Con motivo de la celebración dos "Gourmand World Cookbook Awards" en Pekín no marco da feria "Beijing Cookbook Fair", realizouse a exposición fotográfica "The Photogrphy of Modernist Cuisine" con fotos dos libros finalistas aos premios "Gourmand best in the World", certame no que competiu o libro "Rias Baixas, o viño do mar".

Por este motivo, dez fotografías desta publicación formaron parte desta relevante exposición que supuxo un importante escaparate para dar a coñecer a viticultura e a enoloxía da D.O. Rías Baixas entre importantes prescriptores de todo o mundo. O libro da D. O. Rias Baixas foi seleccionado como "Best Wine Book Award 2013" na categoría de libro de fotografía de bebida e viño de España. "Rias Baixas, o viño do mar", publicado en galego, español e inglés, é un libro que describe á perfección a razón de ser da D.O. Rías Baixas.

9 GALARDÓNS NOS PREMIOS BACO

2 Xuño

Os viños da D.O. Rías Baixas da colleita 2013 recibiron nove galardóns nos premios Baco 2014, un certame que mide a calidade dos viños xoves españois. Os 45 catadores pertencentes á Unión Española de Catadores valoraron 382 viños inscritos. O resultado para a D.O. Rías Baixas foi un gran ouro, 4 ouros e 4 pratas. A D.O. Rías Baixas confírmase nesta edición como a denominación de orixe galega máis premiada e, coma unha das mellores valoradas a nivel nacional. Trátase dunha mostra do que está a ser a colleita 2013 para esta denominación.

Os Premios Baco son unha cita imprescindible do calendario anual dos concursos oficiais recoñecidos polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

GUÍA PEÑIN

4 Xuño

Un total de 207 marcas de Rías Baixas, 57 máis que o ano pasado, foron valoradas polo equipo da Guía Peñín, en concreto por Javier Luengo, o seu responsable editorial e catador, e Pablo Vecilla, catador da publicación, que se desplazaron ata o Pazo de Mugartegui para valorar as mostras enviadas polas diferentes adegas para formar parte da próxima edición da Guía Peñín dos Viños de España.

Nesta cata atopáronse viños de todas as tipoloxías da D.O. Rías Baixas, dende viños en barrica, hasta *coupage* como os viños do Rosal, Condado do Tea, do Salnés. Tamén valoraron seis espumosos, otros tantos tintos Rías Baixas, e elaboracións especiais como crianzas sobre lías.

Javier Luengo e Pablo Vecilla coincidiron en que "os viños de Rías Baixas de 2013 teñen unha acidez alta, máis froita e son máis frescos. O paso por boca é máis curto, son máis lixeiros e máis fáciles de beber". Como xa soe ser habitual, a cata da Guía Peñín realizouse a botella vista.

Os dous expertos destacaron como fortalezas desta denominación a tipicidade da variedade albariño, así como as grandes posibilidades que ofrece esta denominación a través das elaboracións especiais que permiten ter viños máis maduros, con maior volume e un mellor paso en boca: "Estas elaboracións de Rías Baixas hai que darllas a coñecer ao consumidor final, porque son uhna nova visión da variedade e ofrecen grandes posibilidades", afirmaron os catadores.

CATAS EN SALIMAT

12 Xuño

Adegas da D.O. Rías Baixas estiveron presentes en SALIMAT 2014. Ademais, os viños desta denominación protagonizaron varias catas do programa de Degustacións do Mar e da Terra que desenvolveu a Consellería do Medio Rural e do Mar en SALIMAT. Os viños de Rías Baixas participaron en varias degustacións con produtos galegos de calidade: algas de Galicia, Pesca de Rías, conservas ou bonito do norte.

A COLLEITA 2013 "MOI BOA"

17 Xuño

O Pleno do Consello Regulador da Denomación de Orixe Rías Baixas cualificou como "Moi Boa" a Colleita 2013. Como todos os anos, esta valoración básase nun informe técnico elaborado polo Órgano de Control e Certificación da Denominación, responsable da acreditación dos viños e que nesta data levaba 7.791.691 litros cualificados da colleita de 2013, o que representaba un 56,2 por cento. Ademais, o Pleno tamén tivo en conta outros factores, como as puntuacións obtidas polos viños nos concursos nacionais e internacionais, nas guías, así como os comentarios dos expertos. De entre as conclusións obtidas neste informe técnico figura que "os viños da colleita 2013 son algo máis pálidos que en anos anteriores, de intensidade aromática media, frescos e de alta tipicidade aromática e gostativa". Con 33.743.486 kilos de uva vendimada nas 4.064 hectáreas inscritas, a colleita 2013 foi a segunda maior da historia da Denominación, só superada pola de 2011.

ENCONTRO COA ADMINISTRACIÓN

28 Xuño

O presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe (CRDO) Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, e o secretario xeral da entidade, Ramón Huidobro, mantiveron unha reunión de traballo co secretario xeral de Agricultura e Alimentación, Carlos Cabanas, e o director xeral de Industria Agroalimentaria, Fernando Burgaz, dous altos cargos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a quen expuxeron a situación e as preocupacións máis inmediatas do sector.

A reunión foi convocada polo Ministerio a raíz da carta de felicitación en nome de todo o sector enviada polo presidente de Rías Baixas á ministra, Isabel García Tejerina, tra-la súa toma de posesión.

Ademais dos datos de produción e a evolución da denominación nos últimos años, os representantes do Consello Regulador espuxeron as actividades de promoción nos mercados nacional e internacional desenvolvidas recentemente e detallaron aos cargos do Ministerio o orzamento e as axudas con que conta a Denominación.

Un dos aspectos concretos que se abordou na reunión é a Lei sobre o Alcohol que preparaba o Ministerio de Sanidade. Rías Baixas mostrou a súa "preocupación" pola posibilidade de que o viño fora incluido nesa normativa. Tamén se lles trasladou aos responsables do Ministerio a preocupación dos Consellos Reguladores por quedar ao marxe da nova Interprofesional do Viño. Rías Baixas considera que as denominacións de orixe, como axentes de máxima relevancia no sector, deberían como mínimo ter a posibilidade de coñecer o que sucede no novo organismo. Neste senso, o Ministerio explicou que contemplaba darlles cabida aos Consellos Reguladores nun consello consultivo da Interprofesional, na que así terían voz pero non voto.

Asimesmo, neste encontro falouse da liberalización das marcas e etiquetas do Viño e a prevención e detección de posible fraudes de etiquetas nos mercados internacionais. Juan Gil de Araujo e Ramón Huidobro convidaron aos representantes do Ministerio a visitar esta Denominación para coñecer a viticultura que se practica en Rías Baixas e as características das súas adegas.

De esquerda a dereita, o secretario xeral da DO Rías Baixas, Ramón Huidobro, e o presidente, Juan Gil de Araujo, na reunión co secretario xeral de Agricultura e Alimentación, Carlos Cabanas.

Almorzo coa prensa en Madrid na presentación da Colleita 2013.

VIÑOS CON FUTURO

26 Xuño

Celebrouse nesta data a presentación de dous informes sobre a evolución dos viños de Rías

Baixas nos mercados nacional e internacional. Participaron Ángel García Fernández, da Consultora Nielsen, e Rafael del Rey, do Observatorio Español do Mercado do Viño.

Ángel García Fernández explicou que dentro do mercado dos viños brancos con denominación, os que teñen Denominación de Orixe Rías Baixas incrementaron a súa cuota de mercado en volume ata o 13,9% (T.A.M. Xaneiro'14) no canal da Hostalaría, onde o valor da cuota de mercado destes viños atlánticos ascendeu ao 22%. Este desenvolvemento de

Túnel do Viño na Festa do Albariño.

Festa do Albariño, en Cambados.

cuota ven determinado pola expansión en termos de distribución ata mercados non primarios (fóra de Galicia), que constitúen a base para non só crecer neste momento, senon tamén para potenciar futuros incrementos.

Na canle de Alimentación, os viños brancos con Denominación aumentaron o seu volume de ventas nun 4,8% fronte o ano anterior (T.A.M. Xaneiro'14). Dentro desta contorna, os viños con D.O. Rías Baixas presentaron unha redución do volume de ventas do -1,3%. Dentro dun mercado complicado para os viños de maior prezo, e onde cada vez existe unha oferta de menor prezo, os viños de Rías Baixas conseguen manter o seu status de viño de alto posicionamento de prezo que permite afianzar a imaxe da calidade e referencia dos viños brancos.

No que respecta aos datos de exportación, o director xeral do OeMv, Rafael del Rey, destacou o enorme potencial que a exportación significa para os viños brancos de calidade. Entre os envasados, destacan as vendas de viños brancos con Denominación desde Pontevedra a prezos medios que case duplican a media doutros viños brancos do resto de España (4,98 €/litro fronte a 2,46€ do resto de viños con DOP españois), e permiten acadar os máis de 28 millóns de euros en valor en 2013.

CATA CONCURSO RIAS BAIXAS ALBARIÑO

1 Agosto

Un total de 65 marcas participaron na XXVI Cata Concurso Rías Baixas Albariño, que se celebrou no Parador de Cambados os días 2 e 3 de agosto. enmarcada dentro das actividades da LXII Festa do Viño Rías Baixas Albariño de Cambados. Unha cifra que supuxo un incremento de 11 marcas con respecto á edición de 2013.

A Cata-Concurso Rías Baixas Albariño comenzou coa a denominada "Cata Prima". onde o panel de cata dividouse en dous para evaluar todos os viños, que foron puntuados segundo a normativa da Organización Internacional do Viño (OIV). Os doce mellores viños pasaron á "Cata Derradeira", dos que saíron os tres gañadores. Esta Cata Concurso, organizada polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, contou cun panel de cata integrado por 24 expertos.

Entre os catadores externos figuraron Baudouin Havaux (presidente do Concurso Mundial de Bruselas), Juantxo Asenjo (freelance, membro de comités de cata e confeccionador de cartas de viños), Cristino Alvarez (Agencia EFE), Javier Rueda (Guía de vinos de "El País") e Ramón Francas (La Vanguardia).

PREMIO PARA ADADÍA DE SAN CAMPIO

4 Agosto

Máis de 150.000 persoas participaron na Festa do Albariño en Cambados, na que foi premiado Abadía de San Campio, de Adegas Terras Gauda. As casetas do Paseo da Calzada venderon arredor de 70.000 botellas e o túnel do viño consolidouse entre o público máis experimetado cunha participación que superou as 350 persoas.

Tras catar 65 marcas de Rías Baixas, os profesionais que integraron o panel de cata da XXVI Cata Concurso Rías Baixas Albariño decidiron que os premios desta edición recaisen: a medalla de ouro á marca Abadía de San Campio, de Adegas Terras Gauda; a medalla de prata a Rías Baixas Albariño de Quinta da Erre, de Adega Quinta da Erre e a medalla de bronce a Lagar de Costa, de Adega Lagar de Costa.

Trala entrega dos galardóns aos premiados durante a comida de confraternidade, os xornalistas, enólogos e sumilleres, que integraron o panel de cata do concurso durante esta edición, coincidieron en sinalar " a regularidade e uniformidade destes viños", e destacaron "o perfil varietal dos viños desta colleita", también explicaron que "tendo en conta que foi un ano complicado, o resultado da colleita é positivo". Finalmente, os catadores resaltaron que "as adegas están apostando claramente por elaborar viños de calidade.

175 VIÑOS AO CONCURSO GALLAECIA

12 Agosto

O Pazo de Mugartegui acolleu nesta data a última das catas que a Asociación de Sumilleres Gallaecia desenvolveu en cada unha das denominacións de orixe galegas para seleccionar aos Distinguidos Gallaecia, considerado o certame galego de viños con máis participación, con máis de 500 mostras a concurso. "Esta edición representou un récord absoluto en canto a marcas participantes, no caso da D.O Rías Baixas foron en total 175 viños de elaboracións e colleitas diferentes", explicou o presidente de Gallaecia, Luís Paadín.

Un total de 19 profesionais entre restauradores, sumilleres, enólogos, distribuidores e adegueros, integraron os tres paneis de cata encargados de evaluar as mostras a concurso. Das súas puntuacións seleccionáronse os viños que pasaron á cata final.

Aínda que a maioría dos vinos Rías Baixas catados foron brancos, os expertos tamén poideron evaluar 8 tintos e 8 espumosos, cinco máis que na edición anterior.

149 GALARDÓNS RECOLLIDOS

27 Agosto

Os viños de Rías Baixas lograron un total de 149 galardóns nos máis relevantes concursos nacionais e internacionais. Mencións aparte, que sumaron 68 en total, continúan o seu posicionamento entre os mellores brancos do mundo. As marcas desta Denominación incrementaron o número de premios en 23, con respecto a 2013 ao acadar 24 ouros, 77 pratas e 48 bronces en prestixiosos concursos. Entre eles, figuran un Gran Ouro nos Baco e un Trofeo Especial no International Wine Challenge, entre outros.

VENDIMA

26 Setembro

Como é costumbe, os primeiros traballos de recollida de uva iniciaronse no sur da provincia de Pontevedra, nas subzonas do Condado do Tea e O Rosal. Despois, foron incorporándose prácticamente todas as adegas das demáis: Soutomaior, Val do Salnés e Ribeira do Ulla. Nesta vedima, o Consello Regulador contou con 62 veedores/auditores. O Órgano de Control e Certificación traballou para verificar que todos os operadores cumpriran os requisitos establecidos no Plego de Condicións da D.O. Rías Baixas e no Manual da Calidade do Consello Regulador, así como na súa documentación asociada.

Como todos os anos, o Pleno do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas aprobou as Normas de Vendima que rexeron durante a campaña 2014. O obxectivo foi o de apostar pola máxima calidade e a garantía de orixe da materia prima. A normativa recorda a produtores e elaboradores a obriga de dispor dun sistema de trazabilidade e autocontrol que permita acreditar a procedencia da uva, os rendementos de produción e as variedades empregadas, así como os rendementos de extracción de mosto e a análise dos parámetros químicos.

Cada viticultor dispuxo dunha tarxeta persoal e intransferible, mediante a que acreditaba que a uva destiñada á elaboración destes viños procede única e exclusivamente dos viñedos inscritos a nome do seu titular. Cada partida de uva entregada a calquera das adegas da denominación iba acompañada da correspondente Tarxeta de Viticultor.

24 MILLÓNS DE UVA

17 Outubro

A D.O. Rías Baixas superou os 24 millóns de kilos de uva vendimada, segundo os datos rexistrados polo Consello Regulador que daba por concluida a campaña deste ano o pasado 7 de outubro con 24.180.221 kilos de uva nas 4.027 hectáreas inscritas, o que supuxo un descenso do 27,84% con respecto á anterior campaña considerada a segunda máis abundante na historia desta Denominación de Orixe.

O director técnico da D.O. Rías Baixas, Agustín Lago, destacaba que "o estado xeral da uva era bo, pese as condiciones climatolóxicas adversas, grazas ao esforzo e profesionalidade dos viticultores e das adegas".

As estimacións que baraxaba o Órgano de Certificación e Control de Rías Baixas entre 20 e 25 millóns de kilos de uva cumplironse, ao superar os 24 millóns de kilos de uva. Dende o Consello Regulador destacouse o enorme esforzo humano e profesional que realizou o sector nun ano con malas condicións climatolóxicas e cunha vendima curta e intensa.

Dentro das variedades brancas, a produción da variedade Albariño volveu a ser abrumadoramente maioritaria, e representou o 96,7% do total, aínda que afianzouse o caíño branco como segunda variedade, seguido da loureira e a treixadura. Das variedades tintas, que supoñen o 0,85%, recolleronse 205.905 kilos de uva, das que a variedade de maior produción continua a ser o Sousón.

En canto á distribución por subzonas, a maior cantidade de uva recollida correspon-

Misión inversa co Reino Unido que tivo lugar en setembro de 2014.

Na vendima de 2013 superáronse os 24 millóns de kilos de uva.

de unha vez máis ao Val do Salnés, seguida por Condado do Tea, O Rosal, Ribeira Ulla e, por último, Soutomaior.
Como en anos anteriores, o director técnico, Agustín Lago, recordou que "o Consello Regulador foi extremadamente rigoroso nos aspectos relativos á garantía de orixe da materia prima e a calidade".

A CATA DAS COLLEITAS EN MADRID
25 Novembro

A Denominación de Orixe Rías Baixas celebrou a quinta edición da súa Cata das Colleitas. Por primeira vez, o evento tivo lugar en Madrid. Con esta iniciativa, o Consello Regulador apostou novamente por mostrar as posibilidades dos viños da denominación e o potencial enolóxico das variedades amparadas pola Denominación de Orixe Rías Baixas.

Nesta cata, que ten carácter bienal, participaron 50 adegas da D.O. Rías Baixas cun total de 95 mostras de viños das colleitas 2012 e anteriores. Contará cun panel de cata formado para a ocasión por 26 expertos, dos que 11 foron xornalistas especializados en viños, 4 responsables de compras de diversas empresas, e os outros 11 sumilleres de prestixiosos establecementos do sector da restauración e a hostalaría. A Unión Española de Catadores (UEC) encargouse do desenvolvemento do evento. Como novidade, organizouse un Túnel das Colleitas, no que os asistentes poideron probar todos os viños que participaron na cata. A finalidade desta acción foi trasladar ao consumidor as virtudes dos Rías Baixas de colleitas anteriores e as posibilidades de guarda destes viños sen crianza.

Premiados na Cata das Colleitas.

Acto de entrega en Cambados dos premios da quinta edición da Cata das Colleitas.

CAMPAÑA DE EXPORTACIÓNS
1 Decembro

O Consello Regulador Rías Baixas pechou a campaña de exportacións 2013-2014 (que comprendeu do 1 de setembro de 2013 ao 31 de agosto de 2014) cun total de 5.099.548,10 litros de viño vendido nos cinco continentes. Unhas cifras que amosaron a consolidación das exportacións de viño da D.O. Rías Baixas, que incluso acadaron un pequeno repunte do 2,95% no valor das súas ventas no exterior con respecto á campaña anterior.
O incremento rexistrado nas exportacións a países como Alemaña (15,05%), Irlanda (40,43%), Reino Unido (20,45%), México (16%), Holanda (40,43%) ou Xapón (3%) demostra que a promoción realizada polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas nestes mercados está a dar os seus froitos.
Accións como as realizadas no Reino Unido, onde por segundo ano consecutivo organizouse un túnel do viño Rías Baixas en Manchester. Ademáis, participouse na London Wine e se desenvolveron misións inversas con prescriptores.
En Alemaña, Rías Baixas protagonizou dous seminarios (en Hamburgo e Colonia) e participou cun stand propio en Prowein, considerada unha das feiras máis importantes a nivel europeo.
Xapón foi outro dos países elexidos para a promoción dos viños Rías Baixas a través dun seminario na Escola do Viño de Tokio e dun encontro con importadores en Nagoya, entre outras iniciativas que permitiron incrementar nun 143% as vendas desta denominación no país nipón durante o último lustro. Estados Unidos mantense como importador principal dos viños da D.O. Rías Baixas, ao acadar un volume de 2.089.039,05 litros na campaña 2013-14. Xusto despois están Reino Unido, con 794.650 litros; Alemaña, con 392.379 litros; Holanda, con 234.367 litros; Porto Rico, con 210.988 litros; e México, con 182.592 litros. Irlanda consolidouse como o sétimo mercado principal para estes viños atlánticos, que rexistraron un crecemento dun 40,43% con respecto á campaña anterior. Finalmente, sorprendeu Australia, que rexistrou un incremento no número de exportacións nun 93,20%, e Noruega, cun crecemento dun 31,32%.

Facebook

- Durante o ano 2014, o contido da *fan page* de FB centrouse principalmente na carga visual, ademáis de facer unha aposta por contidos máis achegados ao lector. Os *posts* diferenciados e as accións levadas a cabo derivaron nun incremento de perto de un 50 por cento no número de seguidores, ata chegar aos 36.887 *fans* o 31 de decembro de 2014.

- Entre as publicacións que maior interese suscitaron atópanse as "Frases do viño", que contan cun elevado número de "Góstame" e de contidos compartidos.

- Tamén se levaron a cabo distintas campañas promocionais a través desta rede social, co obxecto de incrementar o número de seguidores. Nalgúns casos, relacionáronse coa creación de eventos ou de actos desenvolvidos polo propio CRDO Rías Baixas e, noutros casos, centráronse en *posts* patrocinados.

- Tamén tiveron éxito as publicacións relacionadas con maridaxes, unhas propostas que se trasladaron a outras redes sociais, como Pinterest.

- Outro contido que colleitou grande éxito foi a recomendación do vídeo "*Cómo se elabora un vino de la D.O. Rías Baixas*" elaborado por Verve Audiovisual, que obtivo grande repercusión tanto en Facebook como en Twitter.

Twitter

- Durante o ano 2014 apostouse por tuits que aporten algun tipo de novidade ao lector, e incorporáronse progresivamente certos contidos visuais.

- Tamén suscitou o interese dos usuarios de Twitter a acción desenvolvida xunto co programa "*No es un día cualquiera*" de RNE, así como o seguimento feito a través desa rede social.

- O apoio á difusión de exaltacións gastronómicas, especialmente durante a época estival, derivaron nun incremento no número de seguidores, que seguíu aumentando progresivamente nos meses seguintes, aínda que non dun xeito tan acusado.

- Como resultado da aposta tanto por cotidos máis novedosos como da promoción das distintas accións do CRDO Rías Baixas, rexistrouse durante 2014 un incremento dun 67,85 por cento no número de seguidores. En decembro de 2014 eran 4.355.

YouTube

- A canle do CRDO Rías Baixas foi incrementando pouco a pouco o seu número de vídeos. Na actualidade, hai un total de 95 suscriptores na canle de YouTube e 18.610 visualizacións, o que supón un incremento de más dun 20 por cento con respecto ao ano anterior.

- Como xa se comentou anteriormente, tiveron moi boa aceptación os vídeos sobre o proceso de elaboración dos viños. Incorporáronse tamén os vídeos que se fixeron co gallo da Cata das Colleitas en Madrid. Os que contan con maior número de visualizacións seguen a ser as Rutas e "*Un año de vino*", que foi visto 4.000 veces.

Flickr e Pinterest

- Flickr e Pinterest seguen a rexistrar incrementos no número de suscriptores.

- En Flickr aumentou un 101% o número de fotos vistas no espazo do CRDO Rías Baixas, rozando as 80.000. O número de fotografías colgadas nesta rede incrementouse nun 25%, o que supón unha boa cota de aceptación das instantáneas entre os usuarios.

- Pinterest rexistrou unha suba dun 67 por cento con respecto ao ano anterior.

Conclusións

A aposta por contidos novedosos e as progresivas campañas promocionais levaron a un importante incremento nas dúas principais redes sociais. A liña que se está a seguir é a de reforzar *posts* e tuits relacionados con curiosidades, que se compaxinan coas publicacións relacionadas coas actividades desenvolvidas dendo o CRDO Rías Baixas.

Con respecto ao resto das redes sociais, séguese na liña do progresivo incremento de seguidores e usuarios, con aportación de contidos de interese xeral relacionados tanto co Consello Regulador como cos viños da D.O. Rías Baixas, e que tamén se poden complementar cos *posts* publicados no *blog*.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

FEADER:
Europa inviste no rural

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

XUNTA DE GALICIA